



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (TURISMO)

##### Anuncio

#### Excma. Deputación Provincial de Lugo

#### Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Turismo)

#### ANUNCIO

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (TURISMO), DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Turismo) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no, cuarto trimestre do ano 2024.

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	APLIC. ORZAMENT.	IMPORTE	ÓRGANO APROBACIÓN
Mancomunidade Concellos da Mariña	P2700001G	Nominativa	Actividades de promoción turística	4320.463	25.000,00€	Presidencia
Consortio Turístico Ribeira Sacra	G27326131	Nominativa	Gastos correntes de funcionamento	4320.467	25.000,00€	Presidencia
Museo del Ferrocarril de Galicia (MUFERGA)	G27267624	Nominativa	Sufragar gastos de Xestión e Actividade	4320.48900	21.000,00€	Presidencia
Asociación de Veciños de Cabreiros	G27225663	Nominativa	Invernada de Cine	4320.48900	2.500,00€	Presidencia
Asociación Veciños de Rivasaltas	G27243088	Excepcional	Festas de Santa Eufemia de Rivasaltas	4320.18900	1.140,00€	Presidencia
Asociación Cultural e Deportiva Chao de Sebes	G27454339	Excepcional	Encontro gaiteros galegos 2024	4320.18900	6.000,00€	Presidencia

Lugo, 23 de xaneiro de 2025.- Vº.Bº. O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN, ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0195

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

## Anuncio

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

.- FRIOL.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2105 “ O EMPALME DE PRADO (LU-934) – SAN PAIO DE NARLA”, P.K. 0+000 A 1+721 E LU-P-2115 “VENTO (LU-232) – SANTA MARTA”, P.K. 0+000 A 1+802

EXPTE GTM: 2024/CON\_02/000086

.- MONTERROSO – GUNTÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-3303 “MONTECALVO (N-640) – VALDEPORRÁS (N-640)”, P.K. 0+000 A 5+811

EXPTE GTM: 2024/CON\_02/000087

.- OUROL – MURAS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3804 “BELSAR (LU-P-3801) – SOUTOCHAO – VIVEIRÓ (LU-P-6502)”, P.K. 4+950 A 10+871

EXPTE GTM: 2024/CON\_02/000088

.- MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3201 “MONFORTE – SOBER”, P.K. 0+814 A 2+540 E TRAMO VELLO (267M)

EXPTE GTM: 2025/CON\_02/000002

.- O CORGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2904 “CONTURÍZ (N-VI) – PÁRAMO (LU-4304)” P.K. 9+000 A 13+403

EXPTE GTM: 2025/CON\_02/000005

.- O VICEDO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6405 “ VICEDO (LU-862) – VILASUSO – ALTO DE MOREIRAS E RAMAL A PRAIA DE XILLOI”, P.K. 0+000 A 1+400

EXPTE GTM: 2025/CON\_02/000007

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 24 de xaneiro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0206

**CONCELLOS**

ALFOZ

Anuncio

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado definitivamente o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 28 de novembro de 2024 da modificación do Anexo de Persoal funcionario e da Plantilla de Persoal por amortización de praza de conserxe de colexio a extinguir e dotación de praza de porteiro/a operario/a , de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase a citada modificación :

**PLANTILLA DE PERSOAL**

## A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denom. praza	Núm. prazas	Grupo	Sub-grupo	Nivel	Escala	Sobes-cala	Clase	Situación
Secretario/a-Interventor/a	1	A1/A2		28	FHN	SI		Ocupado

Técnico de Xestión	2	A2		22	AX	X		Ocupado/vacante
Administrativo	1	C1		19	AX	ADM		Vacante
Auxiliar administrativo	2	C2		16	AX	AUX		Ocupados
Porteiro-operario	1	AP		14	AX	SUB		Vacante
Xefe unidade servizos sociais	1	A2		22	AE	T	M	Ocupado
Educador/a familiar	1	A2		20	AE	T	M	Ocupado
Técnico Auxiliar biblioteca (80% xornada)	1	C1		17	AE	SE	CE	Ocupado
Arquitecto técnico	1	A2		22	AE	T	M	Ocupado

## B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denom. praza	Núm. prazas	Grupo	Sub-grupo	Nivel	Escala	Sobes-cala	Clase	Situación
Auxiliar axuda no fogar	4	C2/AP		14	AE	SE	PO	Ocupados
Oficial servizos múltiples maquinista conductor	1	C2		15	AE	SE	PO/O	Ocupado
Operario servizos múltiples oficial 1º a extinguir	1			18				Ocupado(a a extinguir)
Operario Servizos múltiples conductor	2	AP		13	AE	SE	PO	Ocupados
Oficial servizos múltiples conductor	1	C2		15	AE	SE	PO/O	No dotado

## C) PERSOAL EVENTUAL

Denom. praza	Núm. prazas	Grupo	Sub-grupo	Nivel	Escala	Sobes-cala	Clase	Retribucións	Indemnizacións	Gratificacións
--------------	-------------	-------	-----------	-------	--------	------------	-------	--------------	----------------	----------------

RESUMO										
Funcionarios									12	
Laboral Fixo									8	
Eventual									0	
<b>TOTAL PERSOAL:</b>									20	

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Alfoz, 23 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa- Presidenta, Efigenia Maseda Paz.

R. 0196

## BURELA

### Anuncio

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por viaxe institucional os días 22 e 23 de xaneiro de 2025, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no Primeiro Tenente de Alcaldesa, Mario Pillado Mon, os días 22 e 23 de xaneiro de 2025, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada.

**SEGUNDO.-** Da presente resolución darase traslado ao Primeiro Tenente de Alcaldesa e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**TERCEIRO.-** Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Burela, 23 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0197

---

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 36/2025

Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de decembro do 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 23 de xaneiro de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2025, polo importe total de 12.413,98€ (dependencia) e 334,80€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 23 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 0198

---

## GUNTÍN

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de data 24/01/2025, o Orzamento Xeral para o Exercicio económico de 2.025, bases de execución, anexo de persoal e cadro de persoal, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan

formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Guntín, 24 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R.0207

## AS NOGAIS

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO ANO 2025

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 20/12/2024, aprobou inicialmente o orzamento xeral do Concello das Nogais para o exercicio 2025. No Boletín Oficial da Provincia núm. 299 do 28/12/2024, foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abrindose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións, sen que se presentara ningunha, polo que, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se publica resumido por capítulos, así como o cadro de persoal:

CAPÍTULO	GASTOS		CAPÍTULO	INGRESOS	
1	Gastos de persoal	670.151,57	1	Impostos directos	204.500
2	Gastos correntes en bens e servizos	280.565,15	2	Impostos indirectos	7.500
3	Gastos financeiros	3.000	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	136.600
4	Transferencias correntes	13.360	4	Transferencias correntes	676.201,22
5	Fondo de continxencia	0,00	5	Ingresos patrimoniais	8.883,90
6	Investimentos reais	65.608,40	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	1.000	9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>1.033.685,12 €</b>		<b>TOTAL</b>	<b>1.033.685,12 €</b>	

#### CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DAS NOGAIS 2025

##### A) Persoal funcionario:

DENOMINACIÓN	NUM. DE POSTOS	Grupo	CD	XORNADA	SITUACIÓN
Secretaría-Intervención	1	A1	26	100%	Ocupada. Nomeamento definitivo
Subalterno	1	E	13	100%	Ocupada. Nomeamento definitivo
Arquitecto/a municipal	1	A1	22	37,33%	Vacante dotada orzamentariamente
Técnico/a de Administración	1	A2	18	100%	Vacante dotada orzamentariamente

##### B) Persoal laboral fixo:

DENOMINACIÓN	NUM. DE POSTOS	POSTO DE TRABAJO	XORNADA	SITUACIÓN
Operario servizos múltiples	1	Servizos múltiples	100%	Ocupada
Traballador social	1	Servizos sociais	100%	Ocupada

Operarios servizos municipais	1	Servizos múltiples	100%	Ocupada
Técnico medio	1	Axente local de emprego	100%	Ocupada
Auxiliar de axuda no fogar	11	Servizos sociais	100 %	Ocupada

**c) Persoal laboral temporal:**

DENOMINACIÓN	NUM.	POSTO DE TRABALLO	XORNADA	SITUACIÓN
Auxiliar de axuda no fogar	2	Servizos sociais	100%	Vacante. Cobertura temporal
Operario servizos múltiples. Programa de reforzo do emprego e Aprox Rural	Variable en función das subvencións recibidas			
Persoal piscinas municipais				
Peón de incendios emotobomba				
Xefe de brigada de incendios				

A aprobación poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 24 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0208

**OUROL**

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0509, de 4 de decembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de NOVEMBRO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil douscentos noventa e seis euros con trece céntimos (4.296,13 €), correspondendo dous mil cento oitenta e un euros con setenta e tres céntimos (2.181,73 €) a dependencia e dous mil cento catorce euros con corenta céntimos (2.114,40 €) a libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 23 de xaneiro de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0201

## PARADELA

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO CONCELLO DE PARADELA.**

**OBJECTO.-** A presente convocatoria ten por finalidade a elección de Xuíz de Paz titular e substituto do Concello de Paradela, polo Pleno do Concello, entre as persoas que reunindo os requisitos legais, o soliciten.

**PRAZO.-** Fíxase un prazo de presentación de solicitudes, de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**CONDICIÓN LEGAIS.-** Poderá ser nomeado Xuíz de Paz titular e substituto quen, aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial, agás os derivados da xubilación por idade, sempre que ésta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.

Durante o seu mandato os Xuíces de Paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do poder Xudicial no que lles sexa aplicable. En todo caso terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.
- O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estricto cumprimento dos deberes xudiciais.

Os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ser español e maior de idade.
- Non estar incurso nalgúnhas das causas de incapacidade que establece a Lei.

**DURACIÓN.-** O Xuíz de Paz titular e substituto será nomeado por un período de catro anos.

**DOCUMENTACIÓN.-** Os candidatos que desexen participar deberán presentar unha solicitude no rexistro municipal, subscrita polo interesado, a que anexará os documentos seguintes:

- Certificación de nacemento ou fotocopia auténtica do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980.
- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- Declaración xurada de non acharse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade nin prohibición regulada nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985 e 23 do Regulamento 3/1995.

Paradela, 24 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, M.<sup>a</sup> Montserrat Mulet Sar.

R. 0213

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE DECEMBRO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 09 de Xaneiro de 2025 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de decembro de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de decembro de 2024: 2.549,85 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de marzo de 2025 e o 01 de abril de 2025. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 23 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0202

## RIBADEO

### Anuncio

#### **CORRECCION DE ERROS MATERIAIS NÚM.1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIBADEO.**

##### **I.- ANTECEDENTES.-**

O Concello de Ribadeo conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente por Orde do 14 de novembro de 2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, publicada no DOG nº 230, do 1 de decembro de 2014 (PXOM).

Trátase dun instrumento de planeamento adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

##### **II.- MODIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO.-**

Segundo a Lei 2/2026, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), os instrumentos de planeamento urbanístico, como o PXOM de Ribadeo, tendo en conta que terán vixencia indefinida, calquera modificación destes deberá cumprir co seguinte artigo:

Artigo 83. Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico

1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.
2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.
3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.
4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.
5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.
6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei.

##### **III.- OBXECTO DA CORRECCIÓN DE ERROS.-**

No presente caso, tratase corrixir a titularidade duns terreos, que figuran no planeamento municipal como PÚBLICOS, cando en realidade son PRIVADOS.

Así, a Comunidade de Montes de Ove é propietaria dun local social dentro dos terreos en man común que posúen na parroquia de San Xoán de Ove.

Porén, a citada comunidade dou conta no Concello de Ribadeo dun erro cometido na redacción do PXOM en vigor ao considerar, na memoria xustificativa do documento, tanto o local social como o espazo de recreativo no que se asenta como edificación e espazo de carácter público.

Na memoria do documento se identifican os citados espazos como:



- Espazo libre e zona verde 06-DE-P1 “Área recreativa de Santa Cruz”
- Equipamento 06-DE-SC1 “Local Social dos Veciños de Ove”

En ámbolos dous casos, trátase de terreos identificados como montes veciñais en man común, que son aquelas terras pertencentes a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e ademais, recoñécese a día de hoxe a súa propiedade, con independencia da súa orixe, como de natureza privada e colectiva.

Na documentación aportada, xustifícase a titularidade do terreo e o local citado cos títulos de propiedade que achegan no documento presentado.

### III.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO SELECCIONADO.-

A corrección de erros regúlase polo disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e establece o seguinte:

*“2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”*

No documento aportado, especificase, cales son as circunstancias que concorren, para poder considerar o acto como una corrección de erros.

No presente caso, o expediente versa sobre un erro que pode apreciarse tendo en conta unicamente os datos do expediente administrativo, non sendo necesario recorrer a interpretación doutras normas xurídicas; podendo corrixirse sen revisar os actos firmes, nin alterar o sentido deste; sen precisar xuízos valorativos para comprobar o erro producido, sen xerar a anulación ou revocación do acto administrativo; ademais de aplicarse cun carácter restritivo ás dúas dotacións afectadas.

Por tanto, o presente expediente encaixa dentro dos preceptos legais e da tradición administrativa, para poder ser considerado como unha corrección de erros.

#### - Xustificación da corrección de erros

A consideración do espazo libre e zona verde 06-DE-P1 “Área recreativa de Santa Cruz” e do equipamento 06-DE-SC1 “Local Social dos Veciños de Ove” que no PXOM figura como dotacións de titularidade pública merece a consideración de erro material dado que se ten xustificando a titularidade privada a través do plano de información do Estudo do Medio Rural. O PXOM limitouse a recoller as dotacións existentes sen verificar a titularidade destas dúas, feito que tampouco foi verificado polos afectados durante os diferentes procedementos de exposición pública do documento.

Polo tanto, a ordenación establecida no PXOM resulta imposible de materializar, por canto non pode situarse unha dotación pública sobre terreos de titularidade privada sen previo establecemento das condicións de obtención, e moito menos no caso de tratarse dun monte veciñal, cuxa titularidade privada é xa recoñecida e sobre a que prima a condición de ben inalienable.

Tampouco en ningún momento da tramitación do documento, o concello de Ribadeo, no marco da potestade de planeamento da administración e xustificado o posible interese xeral, pretendeu a obtención dos terreos para o dominio público, principalmente porque os terreos aínda sendo privados son e foron sempre de dominio privado, mais de uso e desfrute público.

Ademais, cómpre destacar que, de detectarse o erro durante a exposición pública, este sería corrixido mediante a oportuna alegación, dado que con carácter xeral as alegacións relativas a excluír do dominio público terreos de titularidade privada (fundamentalmente de tipo viario) foron estimadas.

Por outra banda, o PXOM indica na súa estratexia de actuación, que “as novas dotacións de carácter local consideradas no Plan Xeral de Ordenación Municipal, xurdirán dos desenvolvementos dos solos urbanos non consolidados”, mais non incorpora a Área recreativa de Santa Cruz (06-DE-P1) nin o Local Social dos Veciños de Ove (06-DE-SC1) en ningún destes solos, o que contribúe a determinar o erro producido sobre unhas dotacións xa existentes.

Á vista das diferentes series de planos detalladas no apartado anterior, este erro reproducíuse ao longo do documento de aprobación definitiva, sen atender á consideración de terreos privados xa determinada a unha escala territorial polo propio plano de Montes Veciñais en Man Común.

Por tanto, a corrección do erro material consiste na identificación destas dúas dotacións como bens de titularidade privada, indicando na súa cartela o código (PV) e adaptando a simbología gráfica á establecida no PXOM para este tipo de dotacións.

Non corresponde aplicar o procedemento previsto na lexislación urbanística para a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico, pois mantense a estrutura xeral e orgánica do territorio, mantense o modelo territorial establecido polo PXOM e tamén se manteñen inalteradas as determinacións do PXOM, incluso a clasificación e cualificación dos terreos.

Por todo o exposto, o procedemento adecuado para a corrección material do erro citado é o determinado polo artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Alcance no PXOM da corrección de erros

Como consecuencia da corrección de erros sinalada, deberán modificarse unha serie de documentos do PXOM, tanto gráficos como escritos, tal como se reflexa na documentación presentada, é que son os seguintes

#### A) MEMORIA XUSTIFICATIVA

- Cadro nº 25. Inventario de espazos libres existentes (páxina 66)

- Cadro nº 27. Inventario de equipamentos existentes (páxina 72)

- Cadro nº30 Distribución de sistemas xerais e dotacións locais de espazos libres e zonas verdes (páxina 117)

- Cadro nº33 Distribución de sistemas xerais e dotacións locais de equipamento (páxina 124)

- No apartado 1.5 da presente memoria detállase a documentación que substitúe á aquí relacionada.

#### B) ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

- Planos 5000. Folla D7

- Ficha de entidade de poboación do núcleo de Santa Cruz (06-023)

- Ficha de consolidación NR0610T01

- Ficha de consolidación NR0610C01

- Ficha de consolidación NR0614T01

- Ficha de consolidación NR0614C01

- Na carpeta 02.AMAP detállase a documentación que substitúe á aquí relacionada.

#### C) PLANOS DE ORDENACIÓN

- V1.1 Ordenación municipal (Folla D7)

- V1.2 Estrutura xeral e orgánica (Folla B4)

- V1.3 Estrutura xeral e orgánica (Folla B4)

- V1.7 Plan de Ordenación do Litoral coa ordenación do PXOM (Folla D7)

- V2.1 Núcleos rurais (Follas F16 e G16)

- Na carpeta 03.PORD detállase a documentación que substitúe á aquí relacionada.

#### D) CATÁLOGO

- Ficha 06.05 Capela de Santa Cruz

- Na carpeta 04.CAT detállase a documentación que substitúe á aquí relacionada.

- Conclusión

Por todo o anterior, este técnico municipal, considera que non é necesario aplicar o procedemento previsto na lexislación urbanística para a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico, pois mantense a estrutura xeral e orgánica do territorio, mantense o modelo territorial establecido polo PXOM e tamén se manteñen inalteradas as determinacións do PXOM, incluso a clasificación e cualificación dos terreos, podendo tratar o mesmo, como una **CORRECCIÓN DE ERROS** que consiste na identificación destas dúas dotacións (06-DE-P1 “Área recreativa de Santa Cruz” e do equipamento 06-DE-SC1 “Local Social dos Veciños de Ove” ), como **BENS DE TITULARIDADE PRIVADA**, o tratarse de terreos identificados como montes veciñais en man común, xustificando na documentación presentada a titularidade do terreo.”

O pleno do Concello en sesión de 19/11/2024 acordou:

1º.-Proceder á corrección material do erro citado no PXOM de Ribadeo tal e como se sinala na documentación que consta no Concello e informe transcrito anteriormente emitido pola Oficina técnica municipal, tendo en conta o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a corrección, de oficio ou a instancias dos interesados,dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos das Administracións públicas.

2.- O traslado da documentación que consta no expediente xunto co informe técnico e mais copia deste acordo á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para a tramitación legal procedente.

O acordo de aprobación pola Consellería foi publicado no DOG núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025.

O que se publica no B.O.P. de Lugo en cumprimento das previsións do disposto no artigo 82.3 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia.

Ribadeo, 24 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 0209

### *Anuncio*

**Expediente núm. 3061/2022**

**Modificación Nº 1 do PXOM de Ribadeo.**

**Promotor:** Concello de Ribadeo.

**Aprobación definitiva:**

Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 23/10/2024. Aprobación definitiva da modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ribadeo, para a implantación dun centro de saúde, mediante Orde da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas do 9 de outubro de 2024, que figura como anexo.

**Normativa e Ordenanzas da modificación:**

**TÍTULO I.- NORMAS URBANÍSTICAS DE CARÁCTER XERAL**

**Art. 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

A presente NORMATIVA URBANÍSTICA será de aplicación en todo o ámbito da " MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE RIBADEO PARA A IMPLANTACIÓN DUN USO DOTACIONAL " no concello de Ribadeo (Lugo), delimitado nos correspondentes planos de ordenación e redactouse de acordo coas disposicións contidas nos textos legais, cuxas abreviaturas en diante serán as seguintes:

- Lei 2/2016: Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo e urbanismo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

**Art. 2 .- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO**

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo acadou a súa aprobación definitiva o 14 de novembro de 2014 (publicándose no DOG do 01/12/2014) e constitúe o instrumento urbanístico de ordenación integral do municipio, no que se clasifica a totalidade do solo e se establece o réxime xurídico aplicable ao mesmo, definindo os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística e as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución e clasifica o ámbito da MODIFICACIÓN PUNTUAL como solo urbano non consolidado.

**Art. 3 .- VIXENCIA E REVISIÓN**

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor da MODIFICACIÓN PUNTUAL aprobada, quedará condicionada a que o acordo de aprobación definitiva se publique, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

A MODIFICACIÓN PUNTUAL terá vixencia indefinida, sen prexuízo da súa revisión ou eventuais Modificacións (Art. 82.1 LSG).

**TÍTULO II.- NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.**

**Art. 4.- COMPETENCIAS**

O desenvolvemento, xestión e execución da presente MODIFICACIÓN PUNTUAL, corresponden ao Concello de RIBADEO, sen prexuízo da atribución de competencias a Órganos específicos do Estado ou da Comunidade Autónoma.

**Art. 5.- INSTRUMENTOS**

O desenvolvemento e execución das determinacións contidas na MODIFICACIÓN PUNTUAL poderá levarse a cabo mediante a redacción dos seguintes instrumentos:

1. Proxectos de Obras Ordinarias.
2. Estudos de Detalle.
3. Proxectos de Edificación.

**Art. 6.- CONTIDO DOS PROXECTOS DE OBRAS ORDINARIAS**

1. A execución material das determinacións da MODIFICACIÓN PUNTUAL, no relativo ás obras de urbanización, realizarase mediante proxectos técnicos os cales, segundo o seu obxecto, inclúiranse nalguna das seguintes clases:

**a) PROXECTOS DE OBRAS ORDINARIAS.**

Naqueles casos de obras necesarias ou complementarias coas de edificación, que non teñan por obxecto desenvolver integramente o conxunto de determinacións da presente MODIFICACIÓN PUNTUAL e no PXOM do Concello de Ribadeo, poderán realizarse proxectos de obras ordinarias.

**Art. 7.- DETERMINACIÓN E CONTIDO DOS ESTUDOS DE DETALLE**

1. En desenvolvemento da presente MODIFICACIÓN PUNTUAL e de conformidade co establecido no art. 79 LSG, poderán redactarse Estudos de Detalle adicionais para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas con algúns ou varios dos seguintes obxectivos:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes de elementos ou tramos da rede viaria.
- b) Ordenar os volumes edificables.
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación, complementarias das establecidas neste MODIFICACIÓN PUNTUAL.

2. Na adaptación ou reaxuste de aliñacións e rasantes non se poderá propoñer a alteración das existentes que a MODIFICACIÓN PUNTUAL mantén, nin a apertura de novas vías que non estean previstas na MODIFICACIÓN PUNTUAL.

3. A ordenación de volumes deberá ter en conta, en todo caso, os seguintes principios xerais de deseño:

- a) As novas construcións que se proxecten non deixarán medianeiras vistas.
- b) As medianeiras existentes que quedaran vistas nas edificacións contiguas, serán tratadas debidamente.
- c) Respetarase no posible o arboredo existente, incorporándoo preferentemente ao espazo público.
- d) As aliñacións interiores que se adapten ou readapten procurarase que coincidan coas aliñacións das edificacións contiguas existentes.

4. Os estudos de detalle, de acordo co art. 79 da LSG, en ningún caso poderán:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a vías, espazos libres ou dotacións públicas.
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas na MODIFICACIÓN PUNTUAL que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables establecidas ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña a MODIFICACIÓN PUNTUAL.
- h) Establecer novos usos ou ordenanzas.

5. Os estudos de detalle que complementen a ordenación de ámbitos con uso de vivenda conterán, de acordo co establecido no art. 4 NHV-2010, unha memoria xustificativa da súa adecuación ás citadas Normas.

6. De conformidade co establecido no RLSG, os Estudos de Detalle que desenvolvan a ordenación da presente MODIFICACIÓN PUNTUAL, conterán a documentación á que se refire o artigo 193 do citado RLSG ou norma regulamentaria que o substitúa no momento da tramitación.

**Art. 8. XESTIÓN URBANÍSTICA DO MODIFICACIÓN PUNTUAL**

A execución da presente MODIFICACIÓN PUNTUAL realízase nun único polígono e o sistema de actuación é o de Expropiación, e executarase de oficio, tal e como indica o artigo 117 da LSG, as obras de urbanización polo concello de Ribadeo.

**TÍTULO III.- NORMAS DE USO****Art. 9.- DISPOSICIÓN XERAIS**

1. Considéranse usos da edificación ao conxunto de actividades desenvolvidas nas edificacións e/ou instalacións construídas sobre os solos considerados como aptos para a edificación.

2. Serán de aplicación as normas xerais de uso establecidas na normativa do PXOM do concello de Ribadeo.

3. O réxime de compatibilidade de usos establécese en termos de usos permitidos e usos prohibidos para cada zona de ordenanza de solo urbano, respecto a cada uso pormenorizado.

#### **TÍTULO IV.- NORMAS XERAIS DE EDIFICACIÓN**

##### **Art. 10.- DISPOSICIÓN XERAIS**

1. As presentes Normas teñen por obxecto regular as condicións aplicables ás “novas edificacións” que se constrúan no ámbito da MODIFICACIÓN PUNTUAL debendo cumprir as normas xerais de urbanización establecidas na normativa do PXOM do concello de Ribadeo para o solo urbano así como os criterios establecidos na Guía de Cor e Materiais de Galicia” publicada polo Instituto de Estudos do Territorio, correspondentes co XII - A Mariña - Baixo Eo.

2. No proxecto de construción estableceranse todas as determinacións e condicións de cálculo en canto ao abastecemento e saneamento de auga. Recoméndase para o dimensionamento das redes o seguimento das Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG).

#### **TÍTULO V.- NORMAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**

##### **Art. 11.- DISPOSICIÓN XERAIS**

1. A responsabilidade da aparencia e conservación, tanto do medio natural como do medio urbano corresponde en primeira instancia ao Concello, e polo tanto, calquera clase de actuación que lles afecte deberá someterse ao seu criterio. Como consecuencia, poderase denegar ou condicionar a concesión de licenzas de obras, de instalacións ou actividades, ou calquera outro permiso que poida implicar afeccións negativas ao medio ambiente, de acordo co establecido no PXOM e na presente MODIFICACIÓN PUNTUAL.

2. Deberá darse cumprimento ao artigo 67 do PHGC de xeito que as novas áreas que se urbanicen inclúan sistemas de drenaxe sustentable (uso de pavimentos permeables, tanques ou dispositivos de tormenta, etc.) que garantan que o eventual aumento de escorrenta respecto do valor correspondente á situación preexistente pode ser compensado ou é irrelevante.

3. Asemade, de acordo co artigo 68 do PHGC, nas novas urbanizacións reducirase ao mínimo posible a selaxe do solo para minimizar os efectos negativos, mediante a utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes ou sen pavimentar.

#### **TÍTULO VI.- NORMAS PARTICULARES DA DOTACIÓN PÚBLICA.**

##### **CAPÍTULO V.- DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS.**

##### **Art. 12.- Definición, clasificación e condicións**

###### **1. DEFINICIÓN**

O sistema de equipamentos comprende o conxunto de espazos, instalacións e edificacións de carácter público ou privado destinadas a satisfacer as necesidades educativas, sanitarias, culturais, etc., da poboación.

###### **2. CLASIFICACIÓN**

De acordo co seu nivel de servizo, o sistema de equipamentos clasifícase en:

a) SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO DE TITULARIDADE PÚBLICA. Está constituído polo conxunto de edificacións, instalacións e espazos asociados, destinados a satisfacer as necesidades citadas no apartado 1 anterior, para o conxunto da poboación do municipio.

b) DOTACIÓN LOCAL DE EQUIPAMENTO PÚBLICO. Está constituído polo conxunto de edificacións, instalacións e espazos asociados, destinados a satisfacer as necesidades citadas no apartado 1 anterior, de zonas concretas, polígonos ou sectores, no seu caso.

###### **3. CONDICIÓN**

Os equipamentos delimitados na presente MODIFICACIÓN PUNTUAL cumprirán as condicións establecidas nas Normas Xerais de Uso desta MODIFICACIÓN PUNTUAL e da Normativa do PXOM, que se complementarán coas condicións Particulares establecidas no Art. 13 seguinte.

##### **Art. 13.- Ordenanza 12 (O-12) Equipamentos**

###### **1. EIDO DE APLICACIÓN**

A presente ordenanza será de aplicación aos equipamentos previstos en solo urbano consolidado delimitados na presente MODIFICACIÓN PUNTUAL.

###### **2. TIPOLOXÍA**

En función das características tipolóxicas do entorno en que se sitúe o equipamento, da súa función e das esixencias da regulamentación e normativas vixentes, o equipamento que se implante poderá adoptar a tipoloxía exenta ou apegada.

### 3. ALIÑACIÓNS

As aliñacións oficiais gráfanse nos planos de ordenación.

### 4. RECUADOS

a) RECUADO FRONTAL. Tenderase a que o recuado frontal do equipamento, garde relación cos esixidos no entorno da zona en que se sitúe, salvo que se sitúe colindante con zonas nas que non se esixe recuado frontal, en cuxo caso a liña de fachada do equipamento poderá situarse na aliñación oficial. En caso de adoptar recuado frontal, este non será inferior a 5 metros.

b) RECUADO A LINDEIROS. Salvo que o equipamento se sitúe en zonas colindantes con edificación pechada, en cuxo caso non se esixen recuados, nos demais casos o recuado a lindeiros será, como mínimo, a metade da altura da edificación, cun mínimo de 5 metros.

### 5. SEPARACIÓN ENTRE EDIFICIOS DUNHA MESMA PARCELA

No suposto de que o equipamento estea constituído por dous ou máis edificios, a separación entre as súas fachadas será igual ou superior á maior das alturas de cornixa.

### 6. OCUPACIÓN MÁXIMA DA PARCELA

En equipamentos de tipoloxía exenta establécese, con carácter xeral, unha ocupación máxima de parcela do 70 %. Esta ocupación poderá xustificadamente aumentarse ou reducirse en función do tipo de equipamento e das esixencias da regulamentación e normativa sectorial vixente.

### 7. ALTURA MÁXIMA DE CORNIXA

a) A altura máxima de cornixa, salvo xustificación expresa, non poderá superar a máxima permitida no entorno da zona en que se sitúe, salvo xustificación expresa polo tipo de equipamento como pavillóns deportivos, igrexas, etc.

b) A medición de alturas realizarase de acordo coas condicións xerais de edificación establecidas no PXOM de Ribadeo.

### 8. OUTRAS CONDICIÓNS.

a) Permítense elementos e corpos saíntes, cumprindo as condicións xerais de edificación establecidas no PXOM de Ribadeo.

b) Permítense as plantas baixas con soportais, cumprindo as condicións xerais de edificación establecidas no PXOM de Ribadeo.

c) Permítense sotos e semisotos, cumprindo as condicións xerais de edificación establecidas no PXOM de Ribadeo.

### 9. CONDICIÓNS DE USO.

a) USOS PERMITIDOS. Nos edificios destinados a equipamentos permitiranse os usos establecidos no Artigo 98 ao Artigo 112 da Normativa do PXOM, coas condicións establecidas nos mesmos.

b) CAMBIO DE USO DOS EQUIPAMENTOS. O Pleno do Concello, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do presente PXOM poderá, de conformidade co establecido no Art. 42.5 LSG, acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos.

O que se fai público aos efectos legais oportunos.

Ribadeo, 24 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 0210

## RIBAS DE SIL

### Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 16/01/2025 os padróns da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural do 4º Trimestre de 2024 e do SAF do mes de decembro de 2024, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

---

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 23 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 0203

---